

Lingua 3º / Unidade 1 / Conversamos

Actividade 1

Enunciado: Indica o tipo de comunicación que hai nestas situacións:

Acéndese a luz verde do semáforo.
Recibes unha invitación a unha festa.
Falas por teléfono coa túa avoa.
Soa o timbre para o recreo.
Un rapaz escribindo una nota.
Un policía toca o asubío e dá o alto coa man.

Solución

Acéndese a luz verde do semáforo. **Comunicación con imaxes.**
Recibes unha invitación a unha festa. **Comunicación escrita.**
Falas por teléfono coa túa avoa. **Comunicación oral.**
Soa o timbre para o recreo. **Comunicación oral.**
Un rapaz escribindo una nota. **Comunicación escrita.**
Un policía toca o asubío e dá o alto coa man. **Comunicación oral e xestual.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os tipos de comunicación.	Comete ata tres erros ao identificar os tipos de comunicación.	Comete ata catro erros ao identificar os tipos de comunicación.	Comete máis de cinco erros ao identificar os tipos de comunicación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

5.1 Recoñece diferentes tipos de comunicación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 2

Enunciado: Indica cales das seguintes frases son falsas e reescríbeas.

Nunha conversa cómpre...

1. Respectar a quenda dos demais.
2. Falar berrando.
3. Non escoitar a opinión dos demais.
4. Estar atento cando fala outra persoa.
5. Falar moi baixiño.

Solución

- 1 V. **Respectar a quenda dos demais.**
- 2 F. **Falar sen berrar.**
- 3 F. **Escoitar a opinión dos demais.**
- 4 V. **Estar atento cando fala outra persoa.**
- 5 F. **Falar cun ton de voz axeitado.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todas as características da conversa.	Comete ata dous erros ao identificar as características da conversa.	Comete ata tres erros ao identificar as características da conversa.	Comete máis de tres erros ao identificar as características da conversa.

Estándar de aprendizaxe avaliable

3.1 Reflexiona sobre o comportamento dos participantes nunha conversa.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 3

Enunciado: Completa o abecedario.

A		C		E				I	L		
Ñ			Q							Z	

Solución

A	B	C	D	E	F	G	H	I	L	M	N
Ñ	O	P	Q	R	S	T	U	V	X	Z	

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa todas as letras do alfabeto sen cometer ningún erro.	Completa as letras do alfabeto e comete ata tres erros.	Completa as letras do alfabeto e comete ata sete erros.	Completa menos de oito letras.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Coñece o abecedario e ordena palabras segundo el.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 4

Enunciado: Escribe en orde alfabética as seguintes palabras.

botón	agua	libro	zoca
horta	berce	xamón	burro
vixía	Anxo	casa	zapato

Solución

Agua Anxo berce botón burro casa horta libro vixía xamón zapato zoca

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Ordena correctamente as palabras, sen cometer ningún erro.	Ordena as palabras e comete menos de catro erros.	Ordena as palabras e comete menos de seis erros.	Ordena as palabras e comete máis de seis erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Coñece o abecedario e ordena palabras segundo el.

Competencias clave


Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Actividade 5

Enunciado: Escribe as palabras que correspondan á páxina do dicionario, tendo en conta as palabras guía.

democracia delicia delta demora demente dende



Solución

Delgado

Delicia

Delta

Demente

Demo

Democracia

Demora

Dende

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe as palabras debaixo da que corresponda.	Escribe as palabras debaixo da que corresponda e comete ata dous erros.	Escribe as palabras debaixo da que corresponda e comete ata catro erros.	Escribe as palabras debaixo da que corresponda e comete máis de catro erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Segue as pautas para una busca correcta de palabras no dicionario.


Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 6

Enunciado: Completa este carné da biblioteca municipal cos teus datos.

Biblioteca Municipal _____	

Solución

Resposta libre. Cómpre que o alumnado encha correctamente o carné cos seus datos persoais como o nome e o enderezo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Enche correctamente os seus datos no carné.	Enche correctamente o carné pero non completamente limpo e ordenado.	Enche o carné pero comete menos de tres erros gramaticais e ortográficos.	Non enche correctamente o carné.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Recoñece as características do carné e os seus usos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 7

Enunciado: Pon os puntos que faltan no texto.

A señora Elisabet tiña unha tenda de fíos. Sobre a porta da entrada pendura un gran botón.

A señora Elisabet vivía enriba da tenda. E cando non despachaba, pasaba as horas diante da fiestra cosendo.

Joan DE DÉU PRATS

Solución

A señora Elisabet tiña unha tenda de fíos. Sobre a porta da entrada pendura un gran botón.

A señora Elisabet vivía enriba da tenda. E cando non despachaba, pasaba as horas diante da fiestra cosendo.

Joan DE DÉU PRATS

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coloca correctamente todos os puntos e identifica os puntos á parte, seguidos e final.	Coloca correctamente os puntos e identifica os puntos á parte, seguidos e final. Comete ata dous erros.	Coloca correctamente os puntos e identifica os puntos á parte, seguidos e final. Comete ata tres erros.	Non coloca nin identifica correctamente os diferentes tipos de puntos ortográficos.

Estándar de aprendizaxe available

6.1. Identifica os distintos tipos de punto e úsaos correctamente.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 8

Enunciado: Corrixe os erros do seguinte texto.

onte xurxo, pepe e mais eu fomos ao circo, na cidade de coruña. cando chegamos había un elefante na porta que nos saudou coa trompa.

Solución

Onte **X**urxo, **P**epe e mais eu fomos ao circo, na cidade de **C**oruña. **C**ando chegamos había un elefante na porta que nos saudou coa trompa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coloca correctamente todas as letras maiúsculas.	Coloca correctamente as letras maiúsculas. Comete ata dous erros.	Coloca as letras maiúsculas. Comete ata tres erros.	Non coloca correctamente as letras maiúsculas. Comete máis de tres erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Utiliza correctamente a maiúscula ao comezo do texto, despois de puntos e nomes propios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 9

Enunciado: Corrixe os erros do seguinte texto.

o mes que vén a miña curmá mari, que vive en celanova, virá de vacacións á miña casa durmirá no meu cuarto, porque teño camas liteiras. iremos a moitos sitios e pasarémolo moi ben. teño moitas ganas de que chegue o mes que vén para que mari poida vir a vigo pasar as súas vacacións.

Solución

O mes que vén a miña curmá **M**ari, que vive en **C**elanova, virá de vacacións á miña casa. **D**urmirá no meu cuarto, porque teño camas liteiras.

Iremos a moitos sitios e pasarémolo moi ben. **T**eño moitas ganas de que chegue o mes que vén para que **M**ari poida vir a **V**igo pasar as súas vacacións.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coloca correctamente as letras maiúsculas.	Coloca correctamente as letras maiúsculas. Comete ata catro dous.	Coloca as letras maiúsculas. Comete ata catro erros.	Non coloca correctamente as letras maiúsculas. Comete máis de seis erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Utiliza correctamente a maiúscula ao comezo do texto, despois de puntos e nomes propios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Actividade 10

Enunciado: Indica o personaxe principal e os secundarios.

A princesa Tatiana tiña que liberar o seu namorado preso por unha bruxa malvada. Como ela sola non podía pediulle axuda aos ratiños máxicos Pedro e Paulo. Con eles ao seu lado logrou liberar o seu namorado.

Solución

- Personaxe principal: **princesa Tatiana.**
- Personaxes secundarios: **o seu namorado, a bruxa malvada, os ratiños máxicos Pedro e Paulo.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica e clasifica correctamente os personaxes.	Identifica e clasifica correctamente os personaxes. Comete ata dous erros.	Identifica e clasifica correctamente os personaxes. Comete ata tres erros.	Non identifica e clasifica correctamente os personaxes.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Identifica os personaxes dunha narración.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.